

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZAS FISCAIS: IBI, IAE E ICIO "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA"

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación do expediente de modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmóviles, Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, instalacións e obras co fin de introducir os seguintes beneficios tributarios en virtude do Protocolo Xeral de Actuacións entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

«Imposto sobre Bens Inmóviles: establecer unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmóviles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:

- Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Imposto sobre Actividades Económicas: establecer unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividade económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:

- Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.



Venres, 11 de xaneiro de 2019

Núm. 8

- Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Imposto sobre Construcións, instalacións e obras: establecer unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:

- Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.»

Establécese que as presentes medidas de carácter fiscal manteranse por un período de tres exercizos orzamentarios.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

